

XAQUÍN LORENZO, PRECURSOR DOS ESTUDOS DA ARQUITECTURA POPULAR GALEGA

Manuel Caamaño Suárez

Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989), coñecido agarimosamente entre os amigos, dende a nenez, por Xocas, é unha personalidade senlleira da cultura galega a quen este ano 2004 elixiu a Real Academia Galega para honralo no Día das Letras Galegas e, como consecuencia, a Xunta de Galicia determinou que culturalmente fora o Ano Xaquín Lorenzo para homenaxear de xeito oficial a súa figura.

Nacido en Ourense o 23 xuño de 1907, alí recibiu unha cumprida educación que, completada coas estadías polos veráns nas súas entrañables terras de Facós-Lobeira, foi creando nel a necesidade de estudar a cultura popular. Decía ao respecto que “Así funme pondo en contacto co campo de Galicia. E vía que ao chegar a Ourense para retomar os estudos, os rapaces da cidade descoñecían completamente o que era o campo; isto facíame reaccionar” (Entrevista de Roberto Benito Fernández en *Faro de Ourense*, 17-V-1984).

APUNTAMENTOS DA SÚA FORMACIÓN, VIDA E OBRA

Desde idade moi temperá será asiduo colaborador do grupo Nós e amigo dos seus integrantes, principalmente de Cuevillas, Otero Predayo e Vicente Risco. Eles os tres foron os seus mestres que o inclinaron cara á investigación e xa, cando aínda só contaba con dezaioito anos (1925), ingresa como membro activo no Seminario de Estudos Galegos (SEG), no que permanecerá ata a desaparición del motivada pola guerra civil. Traballador infatigable, ao mesmo tempo que investiga e traballa como ensinante, actividade para a que tamén se sentía vocacionado e na que deixará unha fonda pegada entre os seus alumnos, participa en numerosas iniciativas culturais das que a de máis relevancia será a que conducirá á creación do seu anxeiado Museo do Pobo Galego no ano 1977. Comprométese desde mozo nas fileiras do galeguismo, e nesa doutrina se manterá fiel ata a súa morte no 1989: “O galeguismo foi o guieiro continuo do seu quefacer como cidadán e na vida social”, escribiu del o profesor ourensán Marcos Valcárcel (VALCÁRCCEL, 2004, 74).

A súa actividade investigadora, que tivo os momentos de máxima produción nas décadas dos 1940 e 1950, e na que, como era característico nos homes do SEG, foron varias as tenzas das ciencias sociais que mereceron a súa atención, entre as que salienta de forma significativa a que se refire aos estudos etnográficos polos que chegará a ser

considerado como o mestre da Etnografía Galega. O decisivo e sobranceiro rol nela, da que nos deixou un amplo legado científico, merece o recoñecemento de caracterizados estudosos da súa obra, aínda hoxe en plena vixencia. Así resume Carlos García Martínez, a persoa que viviu máis preto del continuamente nos dez últimos anos da súa vida o seu labor investigador: “Como foi característico dos membros da xeración do Seminario de Estudos Galegos, varios eidos científicos mereceron a atención de Xaquín Lorenzo. Notorias son as súas aportacións á historia, á arte e á arqueoloxía; non obstante, con ser importantes os seus traballos nestes terreos é na etnografía onde o seu nome é sobranceiro. Non hai dúbida de que é o máximo sintetizador do que se veu chamando etnografía material” (GARCÍA MARTÍNEZ, en *La Voz de Galicia*, 1983).

Na súa laboría etnográfica abordou temas moi diversos dos que algúns mereceron unha grande e constante atención, como son o carro, a casa e outras construcións, a dorna, o tecido, o cancionero ou o refraneiro. Xa en 1927, cando tiña vinte anos, publica as súas primeiras colaboracións na revista *Nós* e será, a partir dese momento, cando irá producindo unha serie de traballos –soamente interrompidos nos tempos máis duros e perigosos da guerra civil–, que durarán ata pouco antes do seu pasamento. Os traballos etnográficos, ademais do seu tratado maxistral *Etnografía. Cultura material*, aos que hai que xuntar os de carácter arqueolóxico e outros relacionados coa epigrafía ou coa historia da arte, foron vertidos en publicacións periódicas de Galicia, particularmente en *Nós* (Ourense), no *Arquivo do Seminario de Estudos Galegos* (ASEG, Santiago de Compostela), no *Boletín da Real Academia Galega* (BRAG, A Coruña), no *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricas y Artísticas de Orense* (BCPMHAO, Ourense), *Cuadernos de Estudios Gallegos* (CEG, Santiago de Compostela) e *Boletín Auriense* (BA, Ourense). O illamento que as condicións políticas e culturais impuñan no tempo da súa máis prolífica produción –anos 1940 e 1950–, non lle impediu lograr información das correntes máis novidosas que había polo mundo así como ter unha comunicación permanente con científicos doutras latitudes europeas, como reflicten as súas colaboracións nas publicacións de Madrid do *Archivo Español de Arqueología* (AEA) e da *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* (RDTP), na portuguesa *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia* (TSPAPE, Porto) ou na alemá *Volkstum und Kultur der Romanen* (VKE, Hamburgo), entre outras.

A ampla produción investigadora complementouna con numerosas ilustracións, produto da súa habelencia para o debuxo –técnica á que lle concedía moita importancia para a mellor transmisión da cultura popular–, e para a fotografía. Os traballos etnográficos, fundamentalmente os que teñen que ver coa arquitectura popular, levan acaídos debuxos saídos da súa man mestra. Mais as súas habelencias non se esgotaban aí, xa que tamén era un bo deseñador, maquetista e guionista de cine. Aos dezaseis anos construiu unha maqueta dun carro –a súa gran paixón de sempre– da comarca de Lobeira que, posteriormente, sería o motivo que lle serviría para ingresar no SEG; con este mesmo tema

relacionado co home e o contorno no que vive, fixo o guión dun documental, hoxe de gran valor etnográfico e unha das xoias das curtametraxes que se levan producido tanto en Galicia como fóra dela: *O carro e o home*. Tamén como maquetista, xunto con Vicente Fernández Hermida, levou a cabo a realización dunhas maquetas de casas labregas tomando como modelos as que estudara para a súa colaboración na monografía *Vila de Calvos de Randín*.

Baixo a consideración de que a terra, o home e a cultura constitúen unha unidade indisoluble de calquera comunidade humana diferenciada, a súa grande e constante preocupación era que se abordara con urxencia o estudo do patrimonio popular, dado o estado de transformación e de perda dos alicerces de tipo material e social en que se achaba a sociedade rural e mariñeira da primeira metade do século XX. Os principios e pautas que nordearon o seu labor científico, o mesmo que os dos seus mestres ourensáns da Xeración Nós ou dos seus compañeiros do SEG, tiñan como obxectivo a toma de conciencia e afirmación da personalidade diferenciada de Galicia, todo elo encadrado nun método de observación e descrición, en moitas ocasións xunto coa análise e a visión social na que se mergullaban os obxectos materiais e as pescudas que realizaba. Manifesta verbo disto o antropólogo González Reboredo que “Si tivéramos que sintetiza-las directrices fundamentais que marcaron o labor de Xocas e os demais etnógrafos do seu tempo poderíamos facelo dicindo que as dúas cousas que pretenderon foron: RESCATAR OU SALVAR DOCUMENTOS ETNOGRÁFICOS e, posteriormente, RECONSTRUÍ-LO PASADO DA CULTURA GALEGA. E estas dúas preocupacións supeditábanse sempre a un fin último: A AFIRMACIÓN DA PECULIARIDADE GALEGA” (GONZÁLEZ REBORADO, 1996: 27). Dentro das numerosas declaracións feitas ao longo da súa vida sobre esta conduta, nunha ocasión dicía que había que traballar para dotar ao pobo de conciencia colectiva, “(...) Comenzar dándolle ao pobo unha conciencia de si mesmo. Ensinar aos galegos que eran galegos, porque tiñan unha lingua, porque tiñan unha cultura, porque tiñan unhas costumes, unha maneira de ser que os distinguían dos demais. Non por iso foran milliores ou piores” (Entrevista en *La Región*, 17-V-1981).

Xaquín Lorenzo era fisicamente un home alto e esguío, “fumador empedernido e saudoso cafeteiro”, en palabras do seu grande amigo Antonio Fraguas. A súa calidade humana singularizábase por ser un sabio sen fachenda, que levaba candasí unha gran humildade, austeridade, emotividade, profunda relixiosidade e xenerosidade. Da xenerosidade e bonhomía temos estas dúas mostras: No ano 1981 cedulle sen pago ningún as súas fincas de Facós aos seus aparceiros e, no seu testamento, deixou ao Museo do Pobo Galego como herdeiro de todo o seu legado intelectual (biblioteca e outros fondos e os dereitos da súa obra escrita). Á vez, no decorrer do seu periplo vital distinguiuse polo permanente agradecemento que profesou aos seus mestres ourensáns, que o alentaron e iniciaron nos labores da investigación e na entrega á causa de Galicia. Referíndose a Cuevillas deixou escrito que aprendera del como mestre cousas e a se interesar polo saber do

pobo e da súa cultura: “E il foime amostrando o que había de positivo neste aspecto da cencia (...) e foi despertando no meu peito un fondo amor a esa cencia e, sobor de todo, ó pobo que a orixina, iste noso pobo, sempre tan novo e tan vello, tan sabio e tan iño-rante; iste pobo que produz sabios e artistas sen precisar para elo de grandes sabios nin de grandes artistas; iste pobo, en fín, que vive no día de hoxe co pensamento posto nun pasado lonxano e a esperanza nun futuro iñorado e para quen o presente conta pouco” (LORENZO, 1957: 137).

Despois dunha vida ateigada de angueiras e preocupacións polo coñecemento, reco- lleita e conservación das testemuñas da cultura popular de Galicia, tanto na súa dimen- sión material como na espiritual e simbólica, Xaquín Lorenzo morre en xullo de 1989, logo de ter recibido numerosos recoñecementos ao seu traballo fecundo, do que nos que- dou un legado de inapreciable valor. Por iso segue a ser hoxe en 2004 referencia indis- pensable en moitas das materias ás que dedicou sen taxa a súa enorme sensibilidade, amplos saberes e amor a Galicia.

A OBRA ETNOGRÁFICA. *ETNOGRAFÍA. CULTURA MATERIAL*

Os traballos etnográficos de Xaquín Lorenzo son numerosos xa que, sobre cento vinte e cinco títulos editados e asinados co seu nome, arredor da metade deles pertencen ao eido científico no que se ocupa de aspectos de variada fasquía da cultura popular. Algúns deles figuran en publicacións colectivas ou noutras de carácter monográfico, mais o seu traballo cimeiro como pescudador da cultura material tradicional é o que está recollido no proxecto *Historia de Galiza*, xestado na emigración bonaerense, compartido en Gali- cia por algúns dos galeguistas que se dedicaban á investigación e dirixido por Ramón Otero Pedrayo.

Etnografía. Cultura material é o título da obra encomendada e realizada por Xaquín Lorenzo, publicada en 1969 no volume II dun inacabado proxecto, xa que desa *Historia de Galiza* só se chegaron a editar tres tomos que, non obstante, supoñen a sistematiza- ción da visión que globalmente tiñan de Galicia os homes da Xeración Nós e do SEG. Constitúe unha extraordinaria e esforzada obra enciclopédica na que, ao longo de 741 páxinas ilustradas con 300 figuras, moitas delas contendo varios debuxos –feitos por el mesmo e o seu irmán Xurxo–, e 215 fotografías da autoría de Pacheco e Xosé Suárez, se compendia a historia da cultura material da Galicia tradicional. Tanto polo contido lite- rario, con linguaxe desprovista de retórica, precisa e sobria, como polas imaxes gráficas, resulta ser unha extraordinaria radiografía sobre o estado da vida material dos mundos labrego, mariñeiro e artesán da Galicia dos primeiros cincuenta anos do século pasado.

Para levar a cabo o compromiso contraído co director da *Historia de Galiza*, Xaquín Lorenzo viaxa por moitos lugares da xeografía galega nas décadas dos anos 1940 e 1950, con notable intensidade nos veráns de 1950 a 1953 –en ocasións na compañía de Vicen-

te Risco, un dos mestres e iniciador dos estudos etnográficos en Galicia-, recollendo *in situ* numerosos e variados datos dos materiais obxecto de estudo, que logo sistematizará e poñerá en orde acudindo á escasa bibliografía existente. Produto das angueiras realizadas no campo e do ordenamento e síntese no fogar ourensán ou de Lobeira, saíra esa obra singular e monumental, sendo aínda máis meritória por tela feito individualmente e polos tempos en que a levou a cabo, con vías de comunicación e medios de transporte ben precarios e métodos de traballo pouco desenvolto. Débese ter en conta, ademais, que cando se puxo a traballar na obra, non contaba con precedentes que lle puidesen servir de guía para acometer con mellor eficacia o seu compromiso. Por iso no *Limiar* di claramente que “Algúns temas foron colleitados con certa facilidade pola existencia dalgunhas monografía sobor diles, que, pese á súa excesiva localización, renderon un bó proveito; mais outros estaban totalmente virxes e o seu estudo non deixou de presentar certas dificultades que se refrexan no lixeiramente que son tratados” (LORENZO, 1962: 8).

Sen dúbida ningunha, esta obra magna foi o alicerce e punto de partida de todos cantos estudos se realizaron despois dela, tanto sobre arquitectura como tecnoloxía popular. Hoxe, corenta anos despois, soamente nalgúns campos se fixeron achegas de certa importancia, como acontece coa cultura mariñeira, a arquitectura popular ou a industria oleira, ou co renque de traballos incluídos no tomos de Antropoloxía do Proxecto Galicia de Hércules de Ediciones. Á primeira edición de 1962 en Buenos Aires, nada doada de conseguir no seu tempo, seguíronlle outras como a de Akal Editor, de Madrid, no ano 1979, en edición facsimilar con formato reducido. Uns anos máis adiante, entre 1982 e 1983, a Editorial Galaxia, baixo o patrocinio das catro deputacións galegas, reedita o texto primitivo dentro da colección Biblioteca Básica da Cultura Galega, en catro libros de pequeno formato: *A casa*, *A terra*, *O mar e os ríos* e *Os oficios*. Pola mesma editora fanse novas reedicións, de tal xeito que hoxe lévanse difundido milleiros de exemplares co que se ten logrado un notable espallamento da obra a nivel popular. Cómpre advertir, ao mesmo tempo, que nestas reedicións de Galaxia, por razóns varias, se suprimiron a meirande parte das fotografías e de numerosos debuxos, así como o clarexador *Limiar*, supresións todas elas que representan un certo empobrecemento.

A filosofía seguida para a realización deste notabilísimo texto etnográfico foi a utilizada sempre polo Seminario de Estudos Galegos, e por iso acode aos lugares onde se sitúan os materiais do traballo investigador para recoller alí persoalmente os fenómenos e materiais obxecto de estudo, mediante a observación e o coñecemento de datos e informes a través de conversas, debuxos e fotografías. Xaquín Lorenzo emprendeu a andaina de percorrer Galicia de punta a cabo, pois, como comenta na introdución da obra “(...) tivemos que pelerinar por todolos camiños da Galiza. Percorrimos a montaña, andivemos polos vales e polas terras chás, visitamo-los lugares e andivemos pola bei-

ramar. Fomos informados por homes, por mulleres e por nenos, entramos nas súas casas, visitamo-los seus barcos, os seus obradoiros...” (LORENZO, 1962: 8).

A finalidade e obxectivos que se trazou foron cumpridamente sobardados aínda que, coa humildade que o caracterizaba, propia do sabio que era, considera a obra como unha introdución á Historia de Galicia: “Compre ter en conta que o noso traballo é unha introducción á Historia da Galiza, non tendo, polo tanto, o carácter dun traballo de investigación. Elo fai que moitos temas señan tratados eiquí dun xeito superficial, anque se atope materia dabondo para profundizar nil; mais isto daríalle unha extensión que non estaría de acordo co rol que desempeña na obra de que se trata. (...) Trátase eiquí de recoller, dar a coñecer e intentar que quede lembranza do conxunto de formas de traballo que hoxe se atopan na Galiza, sen arredar o que seña peculiar da nosa Terra do que se pode achar tamén fora dela, xa que o intrínseco da localización dun feito cultural é sempre grande” (LORENZO, 1962: 7).

A significativa contribución ao rescate e coñecemento da historia creada polo pobo galego mereceu, e segue a merecer, o recoñecemento dos que se dedican a estas materias. Xosé-Manuel González Reboredo chegou a cualificar a obra de “xigantesco esforzo de síntese descritiva dos aspectos tecno-económicos da cultura tradicional galega. (...) Creo que se pode asegurar sen marxe de erro que a súa síntese permite ter unha visión completa do que era a vida material dos nosos labregos, mariñeiros e artesáns, sendo un esforzo pioneiro non só en Galicia, senón en toda a Península (...) e hai que agardar algún tempo para atopar síntese doutras terras de España e Portugal que poida superala” (GONZÁLEZ REBOREDO, 1996: 35). Outro etnógrafo, Clodio González, abondando nos xuízos e adxectivacións do primeiro, manifesta que a obra “constitúe unha fonte impresionante de información etnográfica (...) imposible de repetir, xa que daquela a maioría dos datos aínda os tomou directamente da realidade, e non como agora nos nosos días que xa cómpre acudir a persoas maiores ou a información doutros autores. Ademais do texto, conta cunha extraordinaria riqueza gráfica, sobre todo deseños, que fan do autor un dos mestres de cantos debuxantes se teñan dedicado á etnografía” (GONZÁLEZ PÉREZ, 2003: 247).

Este inmenso tratado está estruturado nun Limiar e cinco capítulos de desigual extensión, nos que describe polo miúdo todos os contidos obxecto de estudo neles. No capítulo I, que todos concordan en denominar *A casa*, aborda con amplitude e rigor os aspectos construtivos e funcionais que teñen que ver coa casa e con outras construcións. No II, *A terra*, o de máis extensión dos cinco, estuda o medio físico e o territorio dende o punto de vista produtivo e de recursos, abranguendo aspectos relacionados cos produtos do campo, a facenda, os produtos do mar e dos ríos e a súa conservación, a caza e a minería; no III, *Os oficios*, analiza estes e os tecidos, así como as actividades que permiten a elaboración, transformación ou mantemento dos recursos mediante os traballos artesáns; no IV, *O traxe e a manteza*, detense no estudo da vestimenta e da súa confec-

ción e, por último, no capítulo V, *O camiño e o carrexo*, pasa revista ás primitivas vías de comunicación e de transporte.

Esa estruturación, considerada hoxe como dunha grande actualidade a pesar do tempo transcorrido, foi susceptible de ser trasladada á conformación museística do Museo do Pobo Galego, institución que Xaquín Lorenzo, como fundador e impulsor, contribuíu á súa creación, vendo así feito realidade un soño que, desde os tempos dos inicios dun museo etnográfico no SEG, era un vello anxeio seu. Dun estudo comparativo feito por Xosé-Carlos Sierra, este conclúe que “A análise da estrutura museográfica e, máis fundamentalmente, o discurso museolóxico do Museo do Pobo Galego (MPG) constitúe unha réplica museal da obra etnográfica de Xaquín Lorenzo. Réplica asumida e consentida por quen foi desde a súa fundación Presidente do seu Patronato e inspirador constante do seu desenvolvemento museográfico gradual” (SIERRA, 1999: 74).

A ARQUITECTURA POPULAR NA OBRA ETNOGRÁFICA DE XAQUÍN LORENZO

Unha parcela da obra etnográfica á que Xaquín Lorenzo dedicará unha boa parte dos esforzos investigadores, e na que nos deixou un legado de inapreciable valor, é a que se refire ao estudo das construcións populares. Nos numerosos traballos dispersos nos que se recollen aspectos moi concretos da cultura material, e nos contidos en libros colectivos ou no tratado *Etnografía. Cultura material*, as súas tarefas investigadoras foron abrindo canles para a descuberta e o coñecemento da casa e doutras construcións. Dese xeito, en tempos en que a atención dos etnógrafos estaba centrada no estudo do folklore ou da etnografía espiritual, puxo os alicerces para afondar nunha mellor valoración e sistematización das múltiples construcións que se conteñen na denominada arquitectura popular, e para incorporar esta disciplina ao conxunto de materiais que conforman a cultura material da etapa preindustrial do pobo galego.

ESTUDOS PRECEDENTES ÁS SÚAS INVESTIGACIÓNS

Cómpre reparar, á vez, nunha advertencia que fai no *Limiar* do seu libro etnográfico relacionado coa inexistencia de traballos globalizadores da etnografía, o que, á hora de valorar o seu esforzado e frutífero traballo, faino aínda máis valioso. Di que “(...) é iste o primeiro intento que se fai de etnografía xeral da nosa Terra, fallándonos, polo tanto, os precedentes en que poidéramos aproveitar a experiencia allea, especialmente no que toca á sistematización do material recollido (...). Algúns temas foron colleitados con certa facilidade pola existencia dalgunhas monografías sobor diles, que, pese á súa excesiva localización, renderon un bó proveito; mais outros estaban totalmente virxes e o seu estudo non deixou de presentar certas dificultades que se refrexan no lixeiramente que son tratados” (LORENZO, 1962: 8).

De certo, ao igual que na meirande parte dos temas tratados no seu gran libro, eran escasos os estudos precedentes sobre as construcións populares nos que puidera orientarse. Agás algunhas monografías sobre temas moi específicos ou información varia dispersa, en xeral esta disciplina resultaba ser case un campo ermo. O primeiro traballo do que se ten constancia, datado nos anos 1913 e 1914, foi o realizado sobre o mundo das pallozas no poboado do Cebreiro polo historiador coruñés da arte Ángel del Castillo, cunha primeira parte titulada *Por las montañas de Galicia. Las casas de Cebreiro*, e unha segunda *Por las montañas de Galicia. Origen y antigüedad de las "pallazas" del Cebreiro*, publicadas nos números 78 e 82, respectivamente, do *Boletín da Real Academia Galega*. A esta primeira e moi parcial achega hai que engadir a feita polo profesor polaco Eugeniusz Frankowski sobre o hórreo (1918) no libro *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica*, e as procedentes das monografías realizadas na década dos anos 20 polos etnógrafos do Seminario de Estudos Galegos, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Cuevillas, Antonio Fraguas, Fermín Bouza Brey ou o propio Xaquín Lorenzo, que, co traballo interdisciplinar que os caracterizaba, materializaron as súas pescudas nas publicacións sobre o medio físico e humano, *Síntese xeográfica de Galicia* (1926) e *Probremas de Xeografía Galega. Notas encol das formas de poboazón labrega* (1927), e estudos monográficos de pequenos asentamentos humanos como *Vila de Calvos de Randín* (1930), *Terra de Melide* (1933), *Parroquia de Velle* (1936) e *Notas etnográficas da parroquia de Borneiro* (1936), nas que figura sempre o tratamento xeográfico, de poboamento e de aspectos arquitectónicos, construtivos e etnográficos.

Seguramente foi ao quentor desta toma de conciencia do valor do patrimonio popular construído o que levou ás Irmandades da Fala a que, na Asamblea Nazionalista que se celebrou en Lugo no ano 1918 tomara, entre as súas resolucións asemblearias, unha que figura no apartado VII baixo o título "Aspeitos artísticos", que demostran a ampla concepción que tiñan do país as xentes máis comprometidas e identificadas con el. Alí dise: "1º Proclamar a soberanía estética da Nación Galega que se exercerá: a) Sobor as construcións urbanas e ruraes, ditándose unha ley que obrigue ós propietarios a axeitare o estilo das súas construcións ó estilo xeneral de cada vila galega. b) Na expropiación e moimentos e paisaxes. c) Na organización do ensino artístico, con creación de unha Escola Musical Galega".

No decorrer do tempo máis próximo á saída no ano 1962 de *Etnografía. Cultura material* tiveron lugar outras contribucións realizadas por autores foráneos: do alemán Fritz Krüger, sobre as construcións circulares e as pallozas dende o ámbito da etnolingüística, con *El léxico rural del Noroeste ibérico* (1947) e *Las Brañas, contribución a la historia de las construcciones circulares de la zona astur-galaico-portuguesa* (1949), e de L. Crespí, sobre as pallozas dos Ancares en *Contribuciones al folklore gallego* (1929); relacionado coas vivendas, anque con referencias moi xenéricas, están os traballos de García Mercadal (*La casa popular de España*, 1930), Torres Balbás (*La vivienda popular en España*, 1930), e W. Giese

(*Los tipos de casas en la Península Ibérica*, 1941); e sobre os hórreos, os autores López Soler (*Los hórreos gallegos*, 1931), W. Carlé (*Los hórreos en el Noroeste de la Península Ibérica*, 1948), e R. Prachi (*Gli hórreos della Galizia Spagnola*, 1952).

AS CONSTRUCIÓNS POPULARES NO TEXTO ETNOGRÁFICO DE 1962

En *Etnografía. Cultura material*, estruturada como xa se dixo en cinco capítulos de desigual extensión, Xaquín Lorenzo fai unha detallada descrición obxectiva de todas as construcións que figuran neles. Ao longo das súas 743 páxinas vai debullando, atendendo aos criterios que se fixara, e no lugar correspondente, as diferentes realizacións construtivas que abranguen a denominada arquitectura popular. Non tenta facer clasificación de ningún tipo, e xa ben claro o di no Limiar cando manifesta que tivo que traballar sen contar con precedentes que o puideran axudar.

É mágoa que non tivera incluído unha bibliografía nun texto tan completo, xa que iso desvelaríanos algunhas das poucas fontes existentes que empregou. Por citas que fai, si sabemos que no que atinxe aos hórreos acudiu aos seus primeiros investigadores, como Frankowski ou López Soler, e a Bouza Brey cando se refire aos muíños de vento. Posiblemente tivo en conta os traballos de Otero Pedrayo sobre xeografía e poboamento, así como os doutros autores, tal como se deduce das citas a pé de páxina que inclúe na publicación do ano 1943, *A casa rural na Limia Baixa*: Ángel del Castillo, Vicente Risco, Torres Balbás, García Mercadal, F. Krüger e algún dos seus discípulos da escola de Hamburgo “Wörter und Sachen” (*Palabras e Cousas*), como W. Schroeder, ou o xeógrafo portugués Amorín Girão.

CONTIDO DO CAPÍTULO I, A CASA

O capítulo I de *Etnografía. Cultura material*, está integramente dedicado ao estudo da casa, nunha extensión de 156 páxinas –o vinte por cento do total– e 131 imaxes gráficas (59 figuras de debuxos, moitas delas con varios, e 72 fotografías). Aínda que non leva título definido, todos os estudosos concordan en consideralo como *A casa*, distribuído en cinco partes diferenciadas.

Na primeira parte describe e sintetiza, con precisión de entomólogo cultural, a estrutura da edificación baixo os epígrafes de *elementos da casa*, *a casa*, *as dependencias da casa*, *construcións adxetivas* e *construcións comunás*. Este completísimo traballo iníciase, partindo dos cimentos da edificación, co estudo e detalle da parede, á que considera “o elemento máis importante da casa”, detallando os diversos sistemas construtivos que a conforman, os vaos ou aberturas que levan, as escaleiras exteriores polas que se accede ao primeiro andar, apoios dos entramados ou divisións horizontais (pisos, corredores e solainas), pavimentos nos espazos inferiores da casa-vivenda, peches dos vaos (portas, contraventáns, vidreiras e cancelas), pisos, corredores e montantes no primeiro andar, o tellado –“un dos máis importantes –di– elementos da casa é a cuberta”–, coa armadura que a substenta e a cuberta final, a cheminea e as ferraxes.

Na segunda parte expón os *antecedentes da casa actual e a casa actual*. Dentro dunha evolución morfolóxica dela, que vai da construción menos evolucionada ata a de máis complexidade, diferencia: a cabana como a vivenda non permanente; a casa redonda –protagonizada pola palloza á que dedica un detido estudo–; a casa rectangular térrea, como a máis primitiva desa forma; casas de tipo intermedio, nas que aparece como un adianto do primeiro andar o sobrado, presentes en toda Galicia; a casa de dous andares coas modalidades das que teñen o acceso ao primeiro andar polo exterior e das que o teñen polo interior, deténdose con minuciosidade no estudo e desenvolvemento do patamal da escaleira e a súa conformación en corredor ou solaina, así como da súa sustentación, moitas veces mediante sólidos canzorros; e prosegue, para rematar, coa casa grande, o pazo, a casa á beira da estrada e a casa vilega e urbana.

Nunha terceira parte, titulada *As dependencias da casa rural*, analiza detalladamente a distribución espacial da casa reparando nas dependencias máis comúns dela, tanto na casa rural como na vilega ou cidadá: a cociña e os cuartos, tratando demoradamente a lareira, as cortes e outras dependencias. Nunha cuarta parte aborda o estudo duns novos espazos que se acollen nas denominadas *construcións adxetivas*, construcións que nacen por mor de que a vida dos habitantes do agro se desenvolve en boa media fóra da casa. Di verbo disto Xaquín Lorenzo que “A casa campesiña é máis complexa do que parez a primeira vista. Ela é a que centra en sí a vida dos homes do agro, mais esta vida desenrólase por fora e a casa conta con prolongacións que a poñen en contacto directo e íntimo coa terra que os seus habitantes traballan e da que se manteñen (...) En realidade, moitas das edificacións das que imos falar atópanse, ás veces, no interior da vivenda ou achegadas a ela; mais coma é corrente atopalas isoladas e a súa utilización, por outra parte, é independente da vida familiar, incluíremolas no grupo das que chamamos “construcións adxetivas” (LORENZO, 1962: 108).

Así dedícalle un completo estudo ás construcións seguintes: *ao hórreo* ou *canastro* (termo o de canastro que el gusta de empregar, seguramente porque así se denomina en gran parte da demarcación provincial de Ourense onde existe o hórreo), ao que considera “a máis interesante de todas elas”, deténdose na súa orixe, elementos construtivos que o compoñen, nas formas e nomes que varían dunhas comarcas a outras, así como nos diferentes tipos en función dos materiais de que estean feitos; *á eira*, complemento do canastro; *á adega*, sobre todo as adegas-cova que están baixo terra; e *ao forno*. Aborda tamén o estudo doutras construcións como *o palleiro* (que é máis coñecido por *palleira*), *o combarrizo* ou *alpendre*, e as “construcións *prá i-auga*”, como *os pozos* ou *puzos*, *as minas* e *as fontes*, que teñen como función a de fornecer de auga para uso doméstico que, como as anteriores, poden ser de propiedade privada ou comunal, e, como remate, “*outras construcións adxetivas*”, onde contempla as que acollen os animais como *o poleiro das pitas*, *a albariza* e *o pombar*.

Conclúe, na parte quinta, coas *construcións comunás*, entre as que recolle *as fontes*, o *lavadeiro* e *os santos* ou *capelas*, sen deixar de mencionar as dúas mostras sobranceiras da arte popular, *os cruceiros* e *os petos de ánimas*, para rematar cun amplo espazo dedicado á moblaxe: *Moblaxe de cociña*, *os leitos para durmir* e *outros mobles de madeira*, *mobles de ferro*, *decoración das paredes*, *utensilios domésticos* e *almacenamento da roupa*.

No tempo en que fixo o traballo máis extenso da arquitectura popular, trata o tema sen entrar a distinguir tipos ou modelos diferentes de casa que hai nos variados espazos xeográficos de Galicia. A morfoloxía do prototipo que estuda correspóndese, en gran medida, á que hoxe coñecemos como tipoloxía da Galicia meridional, como así o recóñece no texto sobre a casa da Limia Baixa (páx. 160), perfectamente trasladable a este texto posterior: "(...) queremos proporcionar en primeiro lugar unha presentación do esquema da casa da ilustración I, 1, (a casa en perspectiva que figura nos dous traballos) mais advertimos que en realidade non existe unha casa que se corresponda co modelo ao que nos referimos. O esquema foi ideado por nós e obtívose incorporando tódolos elementos que se poden atopar" (En *A casa rural na Limia Baixa*, p. 178 da versión galega aparecida no libro dedicado a Xaquín Lorenzo pola Universidade de Santiago, co gallo do Días das Letras Galegas 2004), aínda que tamén resalta algunha das variantes da casa do litoral. Si fai unha clasificación dos tipos xenéricos que se poden dar en calquera lugar de Galicia: a cabana circular e cadrada precéltica; as vivendas circulares e cadradas da época céltica; vivendas predominantemente rectangulares da época romana; vivendas semellantes aínda que máis evolucionadas da Idade Media; e a casa contemporánea ou actual.

Neste senso, e noutros, os que seguiron o seu ronsel de referente irán, co paso do tempo e de pescudas laboriosas, perfilando moitos dos aspectos que Xaquín Lorenzo non tivera ocasión de tratar por mor da época, da carencia de estudos e dunha metodoloxía axeitada para enxergar a enorme variedade que hai nas construcións populares. Mais nese amplo capítulo primeiro non se esgotan todos os compoñentes que hoxe se integran no que entendemos por arquitectura popular. Haberá que acudir aos outros catro capítulos do texto para facer a recolleita doutras construcións que forman parte dela. Esta expresión de arquitectura popular, que Xaquín Lorenzo case nunca empregará, seguramente porque, ao menos nos primeiros tempos, esa denominación non está comunmente aceptada e utilizada nos ámbitos académicos e profesionais ata logo de se ter celebrado a exposición *Arquitectura sen arquitectos* no ano 1963, no Museo de Arte Moderna de Nova York, onde se exhibirán en diferentes paneis –varios deles mostrando hórreos galegos e portugueses–, as numerosas, variadas e ricas arquitecturas populares do mundo.

AS CONSTRUCIÓNS POPULARES NOS CAPÍTULOS II, III, IV E V

No capítulo II, titulado *A terra*, estúdase en oito apartados, nos que en case todos eles hai mención a construcións populares, a relación do home co territorio no cal se asentan as poboacións humanas dun xeito orixinal e as terras de labor así como o seu apro-

veitamento. No primeiro recóllense aspectos que teñen que ver coas construcións do territorio, como *as vedacións*, que sinalan os lindeiros dunha propiedade e impiden o acceso a ela, e *as regas* para uso comunal da auga que vivifica as terras de labor; nun segundo refírese ás construcións de transformación dos produtos do campo, como *a eira* para facer a malla, *o lagar* para custodiar o viño en determinadas condicións, *os muíños de aceite* para a moenda de olivas, e *os sequeiros* e *ouriceiras* para almacenar as castañas.

No quinto, dedicado aos produtos de río, estuda *as pesqueiras* ou *pescos* existentes no curso medio do río Miño; no sexto, que trata da conservación da pesca, analiza *os secadeiros de peixe* ao aire libre (*as estacadas*), e *os edificios de salazón* (*almacéns de salgazón*) para a conservación da pesca do mar; e nun sétimo e oitavo, relativos á caza e á minería, fala dos *foxos* para a caza do lobo no primeiro e das *ferreirías* no segundo.

No capítulo III, *Os oficios*, onde rexistra máis de sesenta, estuda as construcións das pequenas factorías artesanais: *os carpinteiros de ribeira*, pequenos asteleiros onde se fan e reparan os barcos; *os talleres oleiros e telleiras*, cos seus fornos para a produción de cacharros para uso doméstico e tellas para a cubrición dos edificios; *forxas e mazos* para o tratamento do ferro; *talleres de curtidos* ou pelamios para os traballos dos coiros do gando; *o muíño de casca*; *o folón* ou *batán* para dar remate ás mantas; e, por último, *os cubertos de feira*, lugares onde se comercializaban produtos do campo e moitas das manufacturas procedentes dos obradoiros artesanais. No capítulo IV, dedicado a *O traxe* e *A mantenza*, no lugar que trata do pan considera a construción de transformación máis espallada por toda Galicia, como é *o muíño de río*, que é obxecto de demorado estudo, e tamén se refire ao muíño de vento. Xa por último, no capítulo V, titulado *O camiño*, recolle as construcións que se usan para artellar e comunicar entre si os lugares habitados ou os que se dedican a terras de labor ou de monte, como *as diversas castes de camiños* e *os pasos de correntes de auga: pasales, poldras, pontillóns e pontes*, así como *vaos e portos*.

A CASA NA OBRA DE XAQUÍN LORENZO

Na obra etnográfica de Xaquín Lorenzo, *a casa* será unha constante preocupación súa e por iso o protagonismo dela estará sempre presente nos seus labores investigadores. O comezo desa atención ten xa lugar nas primeiras publicacións que asina, ben en colaboración con Cuevillas (*Vila de Calvos de Randín*, 1930), ou con el e con Vicente Fernández Hermida (*Galicia. Parroquia de Velle*, 1936), ou ben sendo o único asinante (*Notas etnográficas da parroquia de Borneiro*, 1936), nas que o tratamento realizado por el da vivenda e doutras construcións formará parte salientable desas monografías. Porén, o traballo precursor para afondar no coñecemento da casa está incluído no volume XV da revista alemá *Volkstum und Kultur der Romanen*, publicado no ano 1943, en plena guerra mundial, co título “Das Bauernhaus im unteren Limiabecken” –hoxe en versión galega, *A casa rural na Limia Baixa*. (*Prov. Ourense, España*), no libro que co gallo do Día das

Letras Galegas promoveu e editou a Universidade de Santiago de Compostela–, onde xa utiliza o seu método de análise e descrición gráfica con toda intensidade, e o estudo que constitúe o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega o 16 de setembro de 1951, co título de *La casa gallega* –nestes intres en vías de saír en versión galega no libro *Estudios etnográficos (dispersos e inéditos). Técnicas, Palabras e Símbolos*, realizado e tamén editado polo Museo do Pobo Galego–.

Posteriormente a eses traballos iniciáticos dará a luz en forma continuada, ademais do profundo estudo global da casa e doutras moitas construcións en *Etnografía. Cultura material*, de varias publicacións monográficas que conteñen pescudas sobre *vedacións, combarrizos, pontes, hórreos, o sobrado*, e as que entran no terreo da tecnoloxía preindustrial como os *muíños de maré* ou as *ferrerías*.

En Galicia, o mesmo que noutros países do mundo, *a casa* como creación cultural e material acada unha importancia grande, tanto se se considera baixo un concepto amplo (concepto que abrangue á casa-vivenda –o centro nuclear dela–, construcións adxectivas, membros da unidade familiar que viven baixo o mesmo teito, facenda e terras), ou se se refire soamente ao seu edificio nuclear, a casa-vivenda. Sierra considera que “Un dos aspectos que reflicte mellor a densidade antropolóxica da obra de Xaquín Lorenzo son os seus traballos sobre a casa. Para el o espacio construído como habitación é ante todo un lugar de relación onde se combinan formas constructivas adaptadas ás necesidades do grupo doméstico coas que se derivan da implicación no espacio habitado doutros elementos que forman parte dos procesos productivos, ao tempo que participan das relacións sociais e simbólicas construídas polo grupo familiar co seu contorno. Na casa coexisten, mellor conviven, persoas e facenda (persoas e animais) e todos tecen a rede de relacións que explica e configura ese mundo-centro real, simbólico e social, do ecosistema rural” (SIERRA, 1999: 72).

Aínda que Xaquín Lorenzo fixa principalmente a súa atención no aspecto formal e descritivo da edificación, non deixa de ter conciencia da complexidade que se encerra nela ao ser o centro neurálxico da vida dos homes, tanto do agro como do mar. Por iso fai referencia ás funcións sociais que en certos espazos se desenvolven, como pode ser a cociña –o “sancta sanctorum” da unidade familiar, en expresión do antropólogo Lisón Tolosana–, ou o carácter simbólico que leva candasí a sala da respecto, cando a hai.

A valoración que fai do rol determinante da casa como o claustro no que se expresan as relacións entre os membros da familia e a terra lévao a que na estruturación das materias que aborda no seu tratado etnográfico, este se inicie co estudo da casa. A importancia que Xaquín Lorenzo lle concede concordaba coa que lle daban parte dos etnógrafos e homes de pensamento, que a tiñan como o elemento principal da cultura material dos pobos. Tanto, que en casos lle chegan a dar un valor de símbolo nacional ou a considerala suma expresión da raza. Os propios etnógrafos do Seminario de Estudos Galegos teñen resaltado no seus traballos a importancia que lle atribuían, tanto no senso de ser o

vencello dos seus integrantes, como da súa intensa relación co medio, á vez que da protección del. Vicente Risco, nas atraentes páxinas da obra *Terra de Melide*, escribiu que “asegún a visión luminosa e xenial de Oswald Spengler, o máis vital e persistente destes símbolos (as creacións enxebres) é a casa-vivenda, suma expresión da raza. A casa-vivenda é o instrumento de acomodación do home na terra, é a ligame, o vencello do home coa paisaxe; a vida toda do home consistente esencialmente nunha relación co medio, exprésase na casa, da cal pódese deducir toda a demais cultura” (RISCO, 1936: 326).

Xaquín Lorenzo abonda na mesma visión do seu mestre Risco, pois cando se dispón a estudar a casa refírese a ela como que “O elemento máis intresante de toda a produción popular é, sen dúbida, a casa. Non enche somentes o papel de refuxio contra os ataques do meio ambiente senón que é tamén o aglutinante que xungue entre sí ós membros dunha mesma familia” (LORENZO, 1962: 52). Por iso a casa é, ademais dunha construción na que se acubillan as persoas e os animais, unha institución creada para servir a un complexo grupo de fins. Porque nela se acollen aspectos distintos e interrelacionados como o físico, o cultural, o simbólico e o económico ou produtivo. Fisicamente, a casa exprésase con formas arquitectónicas moi prácticas e económicas, asentase no lugar máis axeitado, case sempre de accidentado relevo e combate a climatoloxía extrema mediante o uso de recursos materiais habituais, como son a pedra, a madeira e o barro. Verbo disto dicía o noso etnógrafo que “O home lígase directamente á casa do mesmo xeito que a casa se xungue á terra, sendo así a vivenda o vencello que xungue ó home coa xeografía dun xeito íntimo”, e que esta unión “faise polos dous elementos que a casa ten en sí: o posto pola man do home e o proporcionado pola xeografía” (LORENZO, 1962: 52).

Formalmente, a casa interprétaa, aínda que sen explicitalo de forma clara, como o conxunto físico integrado polo edificio onde vive a familia –a casa-vivenda– e mailas construcións *adjectivas* que estean ou non en relación coa produción: *hórreo*, *alpendre* (*combarrizo*), *eira*, *muíño*, *alvariza*, *pozo* (*puzo*), *fonte*... Economicamente, é o centro de explotación familiar, con funcións exclusivamente agrarias e, en casos, tamén pesqueiras ou só pesqueiras, e desde o punto de vista cultural, a casa é unha totalidade, e de feito cada unha ten un nome e unha personalidade moral. Réxese por un esquema de organización familiar baseado na convivencia baixo o mesmo teito de todos os membros da familia sometidos á autoridade do petrucio, o xefe da familia. Leva cabo de si unha carga cultural e simbólica que pon de manifesto que a construción material é algo máis que puramente instrumental, como sinala Lisón Tolosana sobre os rituais de carácter preventivo que se realizan en diversas fases do proceso construtivo da casa-vivenda: no comezo, ao depositar unha moeda debaixo da primeira pedra, mesturar nos cimentos unhas pingas de sangue dun animal doméstico sacrificado, ou celebrar o carrexo de materiais mediante o carreto veciñal e, cando o seu remate, celebrar ese feito con bailes e regueifas, logo de poñer o ramo no curuto do edificio.

A *casa* reflicte en Galicia, con máis intensidade ca noutros países, a visión e a concepción do espazo “ideal”, así como as relacións sociais e a escala de valores existentes, propios da sociedade e da cultura na que se enxertan e por iso Xaquín Lorenzo acentúa a valoración dela, en gran medida, en factores eminentemente socioculturais. De aí que os seus estudos teñan preocupado ao longo do tempo a homes de leis, etnógrafos ou sociólogos, algúns deles realizados polo economista Xosé M. Beiras, o sociólogo Mario Orjales ou os etnógrafos X. M. González Reboredo e Xosé-Carlos Sierra.

O arquitecto australiano Amos Rapoport, estudoso das culturas tradicionais do mundo, corroborando dalgunha maneira o valor que o noso investigador dá á casa no vello complexo agrario galego, expresouno así: “Las diferencias entre los tipos de edificios de distintas áreas consisten en la evidencia de las diferencias en la cultura, ritos, modos de vida y organización social, climas, paisajes y materiales y técnicas disponibles, mientras que las similitudes son la evidencia no sólo de áreas en que han coincidido alguno o todos esos factores, sinó también de algunas constantes básicas en las necesidades y deseos del hombre” (RAPOPORT, 1972: 27).

OS ESTUDOS SOBRE ARQUITECTURA POPULAR POSTERIORES AO TRABALLO DE XAQUÍN LORENZO

A descuberta da existencia e dos valores das construcións que integran a casa no seu concepto máis amplo, e doutras que se contemplan noutros lugares da grande obra do etnógrafo ourensán, iniciárona os etnógrafos da Xeración Nós e do SEG, do que el mesmo formaba parte. Será el quen achegará un conxunto de materiais que pasarán a considerarse como o punto de partida para estudos e investigacións sobre a arquitectura popular en Galicia. Aínda así tiveron que transcorrer case vinte anos para que, despois da publicación de 1962, e tendo como referente ineludible ese traballo, estudosos de diferente formación académica ou simplemente autodidactas, completen e amplíen o labor emprendido pola personalidade sobranceira de Xaquín Lorenzo.

Nun comezo de forma esporádica e máis adiante de forma continuada, foron aparecendo un bo número de monografías sobre parroquias, pallozas, casa-vivenda, construcións adxectivas ou aspectos parciais. Sobre estudos de vivendas en zonas determinadas están os de: Rogelio Ferrín Martínez, nas zonas rurais do litoral vigués (1965-1966), Xosé Ramón e Fernández-Oxea, sobre a parroquia ourensá de Santa Marta de Moreiras (1968), Xosé María Lema Suárez, sobre a localidade de Bamiro en Baio-Zas (A Coruña) no 1977, Carlos García Martínez, sobre a casa da costa, a do interior e a redonda (1975-1976), Pedro de Llano, sobre *Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida* (1981), Fernando Martínez Sarandeses, sobre a arquitectura vernácula de Pontevedra (1982), Francisco Mallo Lagoa, sobre a casa mariñeira en Cangas de Morrazo e arredores (1982), Mark Gimson, sobre as pallozas (1983), Fuensanta Albo López e Rosario Candela Iglesias, sobre as vivendas rurais en Teixeira-Curtis (A Coruña), en

1994, e José Ramón Soraluze Blond e Xosé Fernández Fernández, como directores dun grupo de estudantes de arquitectura, sobre *Arquitecturas da provincia da Coruña*, vol. I (1995).

Mais os estudos de obras de conxunto, co mesmo carácter globalizador que o traballo de Xaquín Lorenzo, onde se reflicte a realidade da totalidade da arquitectura popular e anónima, foise dando a coñecer en publicacións, ben de tipo divulgatorio ben en traballos de maior entidade, que afondaron e ampliaron as materias contidas no texto *Etnografía. Cultura material*. Outravolta, curiosamente, foron estudiosos non galegos quen primeiro reanudaron o labor investigador con estudos debidos aos irmáns Efrén e José Luís García Fernández (1972), nun traballo, composto en boa parte con magníficos debuxos, que mereceu as loubanzas de Xaquín Lorenzo nunha recensión que lle fixo no *Boletín Auriense* (Ourense, tomo III, 1973, pp. 189-190), que leva por título *España dibujada. 1. Asturias y Galicia*, Carlos Flores (1973) en *Arquitectura popular española*, tomo II (Vasconia, Asturias y Galicia), temén cun arquivo de magníficas fotografías aínda que a crítica que mereceu de Xaquín Lorenzo foi dura e mesmo inusual no seu talante (*Boletín Auriense*, Ourense, tomo II, 1973, pp. 191-192), e Luís Feduchi (1975), no tomo II de *Itinerarios de arquitectura popular española*.

Retoman o tema, con vigor e novos enfoques, investigadores e estudiosos galegos que contemplan, en obras de conxunto e con metodoloxía actual, a arquitectura popular. Este é o caso da etnógrafa Begoña Bas que no ano 1980 publica o libro *Construccións populares galegas* que, reformulado, aparece no 1983 baixo o título *As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia*, mentres o arquitecto e profesor Pedro de Llano publica sucesivas investigacións sobre a materia a partir de 1981: o magnífico traballo *Arquitectura popular en Galicia*, volumes 1 e 2, nos anos 1981 e 1983; *La arquitectura popular*, no volume 2 da serie enciclopédica “Galicia Eterna” (1984); e *La vivienda popular gallega* (1985); así como *Razón e Construcción*, no ano 1996. A eles haberá que engadir as achegas realizadas polo autor deste traballo: *A casa-vivenda*, extenso estudo publicado no tomo XXIII da Serie de Antropoloxía do Proxecto Galicia de Hércules de Ediciones (1997); dous libros na serie “Cadernos do Museo do Pobo Galego”, cos títulos *A casa popular* e *As construcións adxectivas* (ambos no 1999); e a recente obra saída do prelo *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia* (2003).

Tamén nas últimas décadas saen á luz numerosas monografías, entre as que se deben salientar: *sobre muíños*, as realizadas por Pedro de Llano, Begoña Bas, Barros Justo, Leal Bóveda ou Elixio Rivas; *sobre hórreos*, Ignacio Martínez, Begoña Bas, Carlos García Martínez, Xosé María Lema, Pedro de Llano ou Leal Bóveda; *de pesqueiras*, o fermoso e completo estudo de César Portela; *sobre pombais, alvarizas, ferrerías e cultura material da montaña luguesa* os rigorosos traballos de Clodio González Pérez. Asemade, cómpre mencionar os *ensaios* desde o punto de vista das aproximacións teóricas, dos arquitectos Galle-

go Jorroto (1975), César Portela (1981) ou Rafael Tojo (1991), así como os que analizan *os asentamentos humanos*, con traballos de Otero Pedrayo, Georg Niemeier, Alain Bouhier, González Reboredo, Pérez Alberti e Fariña Tojo.

O influxo exercido neses estudos por Xaquín Lorenzo reflíctese nos traballos dos autores citados e noutros moitos que teñen contribuído a fornecer de publicacións monográficas ou de conxunto á hoxe nada desdeñable bibliografía existente sobre o patrimonio inmobiliario construído de Galicia. Se temos en conta que o seu traballo practicamente partiu de cero, pois, como reiteradamente se vén dicindo, na época en que o fixo non había máis que algunhas monografías relacionadas con temas determinados, como pallozas, hórreos, aspectos xeográficos e asentamentos humanos, resulta aínda máis meritoria a confección do texto referencial. Desas carencias xa se laia o autor no Limiar xa que fallan os “precedentes en que poideramos aproveitar experiencias alleas, especialmente no que toca á sistematización do material recollido” (LORENZO, 1962: 7). En efecto, nos traballos e estudos que se realizaron posteriormente, así como no proceso de reactivación do patrimonio etnográfico, tivo que ver, tal como manifesta Sierra “non tanto a obra directa de Xocas, como a tradución e interpretación que fixeron e fan moitos dos seus difusores axudando a comprender moitas das manifestacións e maneiras que rodean a creación e montaxe de museos e coleccións etnográficas, así como a restauración de moitos elementos da chamada arquitectura popular” (SIERRA, 1999: 73).

Entre as novas contribucións aos estudos sobre arquitectura popular achegadas polos traballos dos estudosos que viñeron despois está o seren realizadas cunha metodoloxía moderna, o que permite facer unha mellor sistematización dos contidos tanto nos aspectos que atinxen ao territorio coma nos construtivos e de clasificación tipolóxica por zonas xeográficas, acusándose de xeito notable nos diferentes modelos de casa-vivenda e nas construcións adxectivas.

POSTURA DE XAQUÍN LORENZO DIANTE DA SITUACIÓN DE CAMBIO PROVOCADA POLA MODERNIDADE

No Limiar da súa grande obra Xaquín Lorenzo manifestaba que “A Galiza atópase nun intre de transformación e o conxunto da súa cultura que eiquí recollemos perderáse aixiña, substituído polos aparellos da nova técnica que fan xa acto de presenza antre nós e que orixinarán unha transformación total na vida das nosas xentes, desvencellándose da terra e xunguindoas, en troques, á insensibilidade do artilluxio mecánico” (LORENZO, 1962: 7). De certo, o proceso de cambio, iniciado xa a mediados do século XIX, significou no país galego unha mutación social e económica profundas, o que provocará no medio rural un notable descenso demográfico e un importante proceso de urbanización e terciarización que modifica, altera, destrúe ou fai desaparecer parte do patrimonio da cultura popular. Iníciase así unha etapa, que aínda continúa, de modificación da

sociedade e do territorio, tanto nos asentamentos humanos como na arquitectura popular.

Vinte anos despois, como dando resposta a moitas conxecturas, onde a conservación a ultranza da tradición era unha das que se formulaban, manifestáballes ao xornalista Alvarado que “Hai xente que pensa que esto da etnografía, do estudo da cousa popular, presupón o desexo de fixala, que a xente siga vivindo o mesmo, que siga facendo as mesmas cousas... se trata de anquilosar; non se trata de momificar unha sociedade. Trátase de estudiala e continuala dunha maneira lóxica, atemperada aos tempos, á evolución e ás novas técnicas. Ter un arado román para gardalo, non (para) usalo, e coñecer... as raíces da nosa cultura para comprender a nosa historia e coñecer a nosa identidade” (*La Región*, 29-IV-1983). El sostivo sempre nas súas pescudas e estudos sobre a cultura material de que a natureza dela era cambiante –tal como acaidamente describe o seu discípulo García Martínez–, “como realidade histórica que é, receptiva a formas culturais novas e sometida tamén a presións e acelerados procesos de cambios que ocasionan ao largo do tempo a transformación, o derramamento ou a perda de moitos elementos ou trazos culturais. De aí a necesidade de estudar os diferentes elementos e creacións etnográficas, documentalas e fixar a súa orixe” (GARCÍA MARTÍNEZ, 2003: 264).

A postura, xa que logo, de Xaquín Lorenzo, diante dese profundo cambio, non se traduce como algúns poidan pensar nunha actitude nostálgica da tradición, nin nun conservadorismo sen senso, ou nun inmovilismo paralizante, senón que sempre tivo a lucidez, sensibilidade e intelixencia precisas para saber o que os novos tempos demandaban e, polo tanto, o que se debía facer do patrimonio material preindustrial en cada conxuntura. Ben claro tiña que os obxectos materiais que foran imprescindibles para o desenvolvemento da vida autárquica e de autoabastecemento había que documentalos e recollelos, como testemuñas desa vida e como mostra da historia da cultura material do pobo galego, anxeio que viu feito realidade coa creación do Museo do Pobo Galego, fundamentalmente. Non era ese o caso, que tamén, do patrimonio inmobiliario construído, xa que as persoas seguiron a vivir nas casas-vivenda e utilizando moitas das construcións auxiliares (caso dos hórreos, alpendres, fornos, pesqueiras, ...).

O noso etnógrafo vivía coa esperanzada ilusión de que apareceran novos investigadores para lles dar continuidade aos seus estudos. Neste renque de manifestacións súas –que polo seu interese consideramos procedente resucitalas–, recollidas en diferentes anos, pode apreciarse como ía seguindo con atención suma o verse cumpridas as súas arelas e a ledicia que sentía ao saber que aparecían xentes das novas xeracións dispostas a traballar no eido das investigacións máis queridas para el. Á pregunta do xornalista “¿Cal é hoxe o estado dos estudos das investigacións na Galiza?”, a súa resposta foi a de que “Aquí estáse empezando a traballar moito e ben aínda que con poucos medios. Houbo un *lapsus*, estes corenta anos de abandono, falta de método e medios, poucas

posibilidades... Agora reanudáronse, por exemplo, os traballos do Seminario de Estudos Galegos e hai xente traballando ben e facendo cousas moi interesantes como un estudo sobre os hórreos que saíu hai pouco ou traballos que se están a facer sobre os muíños, a vivenda...” (Entrevista de Xoel Gómez, *La Región*, 21-I-1981). Un pouco máis adiante, no mesmo xornal, á pregunta de J. A. Carracedo: “¿Hai quen es siguen hoxe os vieiros dos grandes investigadores como Cuevillas, Risco, Xocas e outros?”, respondíalle que “Xa o creo. No Museo do Pobo Galego hai unha serie de rapaces que están traballando moito e ben. Tamén se fan obras tan transcendentales como a que está publicando Begoña Bas, sobre etnografía. O Colexio de Arquitectos fai unha labor interesantísima e moi coñecida” (*La Región*, 14-XI-1982). Noutra entrevista que lle realizou Lino Braxe posteriormente, no ano 1987, para un dos cadernos extra de *A Nosa Terra* –o número 8– dille que “A min prodúceme unha grande satisfacción ver como aquela semente de antes do ano 1936 que despois durante 40 anos tivo que estar acougada, xorde hoxe na xuventude actual. Vexo que estes rapaces novos senten unha curiosidade enorme por coñecer Galiza, por coñecer aos galegos, por coñecerse a sí mesmos e por traballar por Galiza”.

Mais, ¿que pensaba sobre as realizacións inmobles construídas como as que se engloban na arquitectura popular?

A *casa*, que é a institución que fundamenta esa arquitectura –que dado o seu carácter multifuncional acolle gran variedade de espazos, onde cada un deles cumpre unha función determinada–, foi lentamente perdendo personalidade e a *casa-vivenda*, o seu núcleo esencial pasa, en moitas ocasións, a ser unicamente lugar de habitación e residencia das persoas. As *construcións adxectivas de almacenamento* (alpendres, palleiras, hórreos), *transformación* (eira, muíño, forno), *cría e habitación de animais* (pombais, alvarizas, curros), *caza e pesca* (foxos, pesqueiras), *destinadas á comercialización* (recintos de feira), *dos equipamentos* (pozos, fontes, lavadoiros, palcos da música, capelas), ou as *construcións de aproveitamento artesanal e preindustrial* (industrias oleiras, telleiras, ferrerías e mazos, batáns, fábricas de curtidos), ou *do territorio* (camiños, valados, pontes, socalcos, regas), todas elas, entre outras, construcións precisas para o desenvolvemento da economía agraria e pesqueira da unidade de produción que é a casa, por mor de iren perdendo a súa función orixinaria tenden a desaparecer, a seren abandonadas ou, en moitos casos, reconvertidas.

Xaquín Lorenzo, consecuente coa súa concepción dinámica da cultura, adoptou unha postura clara que expresou publicamente en numerosas ocasións verbo do uso e da acomodación, sobre todo da casa-vivenda, ás novas esixencias do mundo moderno. Xa en tempos tan afastados da publicación de *Vila de Calvos de Randín*, cando aínda confiaba en neutralizar intromisións alleas ao país, escribía na páxina 31 defendendo a pureza das arquitecturas tradicionais e comentaba que “As casas labregas de Calvos non están lixadas polo americanismo nin pola influencia das construcións vilegas, doenzas que

pouco a pouco van matando a nosa enxebre arquitectura rural. (...) Non hai tampouco chalets suízos de tellados bicudos, nin terrazas nin varandas de alen mar; non hai sique-
ra balcóns de cemento”. E nunhas amplas declaracións a Afonso Vázquez-Monxardín no
ano 1971, xa se pronunciaba claramente sobre o que cumpría facer coas casas tradicio-
nais que “Eu non digo que vaiamos a facer casas vellas. Non se trata de facer casas vellas,
pero trátase de estudar –e esta é a preocupación miña, o estudio da vivenda popular, que
se está perdendo– e aplicar os seus recursos, unha cantidade de elementos enormes, per-
fectamente aproveitables prás construcións modernas”. (*Raigame*, núm. 9, páx. 55).

Persiste na súa preocupación ao longo do tempo e nos limiares que lles fixo ás obras
de Pedro Llano (1981) e Begoña Bas (1983), explicitaba nitidamente a súa posición.
Laiándose da escaseza de traballos sobre o estudo das construcións populares, dicía no
Limiar do primeiro libro que tiña entre mans que “(...) esta obra é urxente. A moderna
transformación da vida rural está impondo novas formas de relación co medio ambiente
e coiles novos produtos humanos, antre iles a vivenda e as súas dependencias. (...) O
influxo da cidade e especialmente as novidades traguidas pola emigración, introduxe-
ron uns elementos materiais alleos a nós totalmente inxustificados que romperon coa
paisaxe e cos intereses da nosa economía. (...) Como é lóxico, a vivenda rural ten que
millorar de acordo cos novos tempos, mais iste milloramento debe ser conscente de que
a casa de hoxe ten de bo o saber aproveitalo sen esquecer o seu pasado e a súa orixe, obra
esta que se atopa nas máns dos técnicos, que con estudos coma o presente terá unha
fonte abundosa prás novas vivendas que se fagan no futuro, utilizando os elementos que
as caracterizan” (LORENZO, 1981: 13). E na introdución do segundo di que “Begoña
Bas comenzou por un interesante estudo encol dos hórreos ou canastros. (...) Agora de
novo insiste no tema centrando a súa atención dun xeito especial nas construcións,
tanto das vivendas como de anexos e similares, e destaca a importancia das obras da bei-
ramar e dos ríos, moi abandonadas polos investigadores deica hoxe. (...) Begoña Bas,
coíste traballo e os anteriores, danos un exemplo do que a constancia e a compeña adic-
ción ó tema pode conseguir. Somentes é preciso ír polo vieiro que ela nos sinala”
(LORENZO, 1983: 7).

Por se non abondaran esas declaracións, cando a inauguración o 23 de xullo de 1987
da Sala de Arquitectura Popular do Museo do Pobo Galego, no seu discurso dixo, entre
outras cousas, que consideraba a adaptación da vivenda tradicional galega ás novas téc-
nicas como un desafío “para os arquitectos, que ao construír casas como elementos alle-
os á paisaxe fan unha afrenta. É necesario realizar unha adaptación das novas vivendas
ao que a terra nos impón, ao que os sentimentos nos mandan” e considerou, nunha dura
crítica aos técnicos, que as novas construcións “feitas de azulexos son como cuartos de
baño postos ao revés, non realizadas polos nosos paisanos, senón por uns técnicos que
len revistas do estranxeiro e gústalles o que ven e fano aquí cando non é o noso, a nosa
casa” (*El Correo Gallego*, 24-VIII-1987).

CODA

Nestes e noutros testemuños, por se non abondara coa súa xigantesca e exemplar obra, Xaquín Lorenzo, investigador entregado ao país que o viu nacer, ademais de deixarnos un legado de incalculable valor deixounos unhas liñas de actuación futuras doadas de enxergar. A semente concienciadora propiciada pola divulgación da súa obra e da dos seus continuadores, vai calando paseniñamente en diversos segmentos da sociedade civil, dos profesionais e centros de ensino e, tamén, dos poderes públicos. Nos tempos actuais do non hai moito comezado milenio, hai cada día máis sectores da sociedade que se empezan a interesar e valorar as construcións creadas polos seus devanceiros. Iniciativas de colectivos de diverso signo propugnan a defensa da cultura popular –entre as que a fervenza de creación de museos ou coleccións etnográficas se manifesta por moitas localidades de Galicia–, a política rehabilitadora de casas-vivenda e doutras construcións por parte da Administración autonómica, actuacións puntuais doutras administracións e unha maior toma de conciencia cara ao propio pola sociedade, están a axudar a crear unha conciencia que pode posibilitar que o patrimonio etnográfico inmobiliario ou construído, polo que tanto traballou Xaquín Lorenzo, non chegue a se converter en arqueoloxía.

ÍNDICE CRONOLÓXICO DOS TRABALLOS ESCRITOS E PUBLICADOS POR XAQUÍN LORENZO RELACIONADOS COA ARQUITECTURA POPULAR

Baixo este epígrafe recolleemos unha relación dos traballos escritos e publicados por Xaquín Lorenzo, seguindo unha orde cronolóxica, demostrativa da permanente dedicación polo mestre etnógrafo aos temas que se encerran na denominación arquitectura popular.

Ademais de pequenos traballos publicados nos números 27, 28 e 29 da revista NÓS, Xaquín Lorenzo, ben en publicacións en colaboración, ben en monografías soamente asinadas por el, publicou os seguintes títulos:

1930. *Vila de Calvos de Randín. Notas etnográficas e folklóricas*, en colaboración co seu mestre Florentino López Cuevillas. *Seminario de Estudos Galegos*, Santiago de Compostela, 1930. 76 páxinas e 59 imaxes gráficas (45 figuras de debuxos e 14 fotografías).

Esta foi a primeira publicación súa de importancia, compartida con Cuevillas, onde se recolle un completo estudo sobre a parroquia ourensá de Calvos de Randín, feito coa filosofía do traballo investigador do Seminario de Estudos Galegos, que posteriormente servirá de base para outras monografías. Nela abórdase, ademais de aspectos xeográficos e paisaxísticos, prehistóricos ou folklóricos, o tratamento da cultura espiritual e material, con atención notable ás construcións tradicionais dos pazos, edificios relixiosos e das casas labregas e outras construcións, á xente, ao enxoval doméstico, vestido, manenza, etc.

1936. *Galicia. Parroquia de Velle*, en colaboración con Cuevillas e Vicente Fernández Hermida. *Seminario de Estudos Galegos*, Compostela. 330 páxinas e 218 imaxes gráficas (155 debuxos e 63 fotografías).

Na mesma liña da monografía anterior. En seis capítulos estúdase con amplitude a terra, a xente, a historia, a vida material, a vida social e a vida espiritual. Posiblemente sexa o traballo máis completo e de corte máis antropolóxico dos realizados polo SEG. No apartado de cultura material analízase detidamente a arquitectura e a moblaxe, así como a mantenza, o vestido, os oficios, a economía... A chegada do levantamento militar limitou grandemente a súa difusión.

1936. *Notas etnográficas da parroquia de Borneiro*. *Arquivo do Seminario de Estudos Galegos*, VII, Compostela, pp. 17-39. 25 figuras de debuxos.// En versión castelá foi publicado no ano 1942 no *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense (BCPMHAO)*, XII, Ourense, pp. 183-203.

Unha curta estadía na parroquia de Borneiro, do concello de Cabana de Bergantiños, “con motivo das escavacións que o Instituto de Estudios Rexionales está faguendo no castro “A Cidá”, de aquela parroquia –di Xaquín Lorenzo– permitíunos recoller algunhas notas etnográficas”. Boa parte deste fermoso estudo recolle, con acaídas ilustracións, mostras das construcións populares asentadas no lugar de Vilaseco: a casa de un e dous andares coas súas dependencias –cociña coa lareira e cheminea, cortes, patios– e aspectos construtivos delas, así como as construcións adxectivas, o cabazo, o puzo e o muíño, recollendo o léxico propio daquela zona nesas realizacións.

1943. “Das Bauernhaus im unteren Limiabecken (Prov. Orense, Spanien)”, *Volkstum und Kultur der Romanen*, Vol. XV, Hamburgo, pp. 276-308. 21 imaxes gráficas (22 figuras, a maioría con varios debuxos, e 6 fotografías). //A versión galega incluíuse na recente publicación que co gallo do Día das Letras Galegas dedicou á efeméride a Universidade de Santiago de Compostela.

O título orixinal *La vivienda popular en la Limia Baja* posiblemente foi vertido ao alemán por algún dos membros da escola de Hamburgo “Wörter und Sachen” (*Palabras e Cousas*) para a súa publicación en Alemaña. Fai un minucioso estudo da tipoloxía da casa-vivenda que se asenta nunha rexión tan caracterizada como a da Limia Baixa. Iníciase mencionando os antecedentes dela, dedicándolle logo demorada atención á descrición da súa construción, dos seus elementos compositivos e dos diferentes espazos de que consta. En gran medida, os dous tipos máis comúns de casa-vivenda estudados, a térrea e a de dous andares, correspóndense co modelo espallado polo espazo xeográfico interior da Galicia meridional.

Os numerosos debuxos de que consta, moitos deles trasladados á obra *Etnografía. Cultura material*, recollen aspectos tan variados como muros e os ocos ou vaos que van neles, lumieiras, portas, pisos, ferraxes, corredores, chemineas, apoios ou cubertas. Nunha táboa recolle 58 dos termos que de diversas partes construtivas se utilizan nos

concellos de Lobeira, Entrimo, Muíños e Calvos de Randín. Tamén anota a pé de páxina as diversas publicacións ás que acudiu en apoio do seu traballo.

1947. “Las habitaciones de los castros”, en colaboración con Florentino López Cuevillas. *Cuadernos de Estudios Gallegos* (CEG), II, pp. 7-74. 39 imaxes gráficas (28 debuxos e 11 fotografías).

Estudo das casas castrexas, a organización dos poboados nos que se asentan e da súa evolución, segundo datos recollidos en escavacións e investigacións feitas en Galicia e no norte de Portugal. Analízase con detalle a evolución que se produce desde as cabanas primitivas construídas con vexetais ata a xénese das casas de pedra con diversas plantas redondeadas e a súa pervivencia, alzados e cubertas, dedicándolle unha especial atención a aspectos das construcións que as conforman: tipos de aparellos, vaos, pavimentos, cubertas, así como ao fogar e ao forno, practicamente os únicos servizos da vivenda, así como ás escasas construcións adxectivas.

1947. “Antiguas habitaciones de pastores en la Sierra del Leboreiro”. *Cuadernos de Estudios Gallegos* (CEG), II, Compostela, pp. 341-351. 7 imaxes gráficas (4 debuxos e 3 fotografías).

Nun traballo feito no ano 1933 atopouse no lugar de Porcarizas na Serra do Leboreiro, lindeira coas terras de Lobeira e Portugal, un conxunto de 42 casas construídas en planta cadrada en máis dos dous terzos e o resto redondas, coas paredes feitas en cachotería de pedra de grá en bloques irregulares. Trátase dun asentamento de pastores no verán, tal como se se tratara dunha alzada ou braña. Considérase que este poboado, que pertenceu ao mosteiro de Celenova, foi abandonado no século XVI.

1949. “Los silos de Villacañas (Toledo)”. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* (RDTP), V, Madrid, pp. 420-434. 11 figuras con debuxos, algunhas contendo varios.

Nunha breve estadía por terras de Toledo realizou un pequeno estudo sobre os silos-vivenda da vila toledana de Villacañas, posiblemente o único traballo realizado que non ten relación coa cultura galego-portuguesa. Esta construción orixinal de certa complexidade, realizada baixo terra e arredor da que se tecen unhas relacións de fondo contido social, ten unha certa semellanza coas covas-adegas das terras de Valdeorras. Mentres que estas só levan dependencias dedicadas a gardar o viño, fundamentalmente, os silos son vivendas de coidada construción non exenta de motivos decorativos, con todos os espazos precisos para tal fin. Nos dous casos hai que salientar que a ventilación interior se produce por unhas chemineas (refolgadoiros) de características singulares, tanto construtivamente como de forma.

1951. “La casa gallega”, discurso de ingreso na Real Academia Galega o 16 de setembro de 1951 en Celanova. Inédito, aínda que nestes intres de redactar este traballo está a piques de saír do prelo integrado na publicación do Museo do Pobo Galego *Estudios etnográficos (dispersos e inéditos)*. *Técnicas, Palabras e Símbolos*.

Inicia o discurso recordando a Murguía e facendo consideracións varias sobre a humanización da paisaxe e dos factores, como o xeográfico, que contribúen a singularizar a casa-vivenda. Logo de facer un repaso dos tipos de vivenda que se encontran nos castros, na que resalta as súas características principais como precedentes da casa actual aínda que negando o paralelismo que se lles dá ás habitacións castrexas e ás pallozas do Cebreiro, indicando as diferenzas que el ve nas dúas. Considera que é excesivo o valor que se lle vén dando á romanización, aínda que esta trae consigo innovacións como a casa de planta cadrada e o tipo de explotación agrícola da “*villae*”. No seu percorrido histórico deixa claro que tanto da época bárbara como de toda a Idade Media non quedaron restos polo que é lóxico conxecturar que permaneceu a tradición céltica.

Logo de deterse nas casas grandes, feitas imitando os pazos, adéntrase na análise da casa rural galega. Estuda a súa evolución partindo da máis primitiva –a térrea–, pasando pola casa con sobrado onde salienta no litoral a existencia da casa do remo, e a casa de dous andares, clasificándoas en dous modelos segundo sexa o acceso ao primeiro andar polo interior ou polo exterior. Destas derivan elementos construtivos presentes nas vivendas do modelo que pon como prototipo: o corredor, a solaina e a galería, cos canzorros que sustentan moitas veces estas dependencias. Non deixa de resaltar o papel que xoga a cociña na casa-vivenda e remata a súa intervención cos modelos que se poñen de relevo nas vilas e nas zonas das urbes, da casa á beira da estrada, a casa grande e o pazo.

Este primeiro ensaio coñecido da súa autoría servíralle de base para a detallada exposición que fai da casa no seu tratado etnográfico do ano 1962.

1952. “Cierres de fincas en el SE. de Orense (Galicia)”, Homenaje a Fritz Krüger, *Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza (Argentina)*, pp. 175-185. 7 figuras que conteñen 51 debuxos.

A amizade que nos tempos do SEG establecera co etnolingüista alemán Fritz Krüger, levouno a participar na homeaxe que se lle tributou no ano 1952. A tal efecto enviou este traballo monográfico no que se rexistran os diferentes tipos de vedacións nunha parte de Ourense, dende os elementais marcos ata os valados de pedra, de materiais diversos ou as sebes de material vexetal. Tamén se recollen os diferentes tipos de accesos ou porteiros, cancelas e o sistema de xiro de todos eses elementos.

No traballo correspondente no libro *Etnografía. Cultura material* este aspecto das construcións do territorio está menos desenvolvido, con debuxos case todos eles diferentes.

1959. “Muíños de maré”, *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnografía*.

Homenagem ao Dr. Mendes Correa, XVII, Porto, pp. 249-255. Seis debuxos.

Nesta monografía completa a diversidade de muíños que hai en Galicia, xa que, curiosamente, no seu tratado etnográfico non fai mención ningunha á existencia dos

muíños de maré. Coa súa clásica capacidade descritiva e de síntese, estuda o muíño de maré da Illa de Arousa. Nos debuxos que complementan o texto aparece o pozo de caldeira, propio deste tipo de muíños, onde se acubilla o rodicio capaz de poñer en funcionamento as pezas de moenda do gran.

1962. *Etnografía. Cultura material*, vol. II da Historia de Galiza, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Editorial Nós, Buenos Aires. 742 páxinas e 514 imaxes gráficas (298 figuras de debuxos, moitas delas integradas por varios, e 215 fotografías).

1963. “O mazo, a trompa e a moa”, *Actas do 1º Congreso de Etnografía e Folclore*, Braga, 1956, Lisboa, 1963, vol. II, pp. 175-181. Tres debuxos.

A manufactura do ferro nas vellas ferrerías é o estudo que aquí se fai, tomando como referencia unha das últimas factorías tradicionais do ferro, a ferrería da parroquia de Ferreira Vella, no concello lugués de Riotorto.

A ferrería é a edificación onde se acollen o mazo para golpear o ferro, a trompa, artilluxio que produce aire para avivar o lume, e a moa, especie de bruia, roda vertical con aspas que, como nas aceas, xira ao bater a auga contra elas facendo dese xeito subir e baixar o mazo. Os cumpridos debuxos que van co texto axudan a un mellor entendemento dos tres elementos. No libro *Etnografía. Cultura material*, nas páxinas 536 á 542, vén con debuxos distintos e co texto un pouco diferente.

1973. “Metamorfosis de una casa castrexa”, *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, XXII, Porto, pp. 225-229. Un debuxo e dúas fotografías.

Estudo da transformación dunha casa castrexa de Castromao (Celanova), de planta circular a planta rectangular, con paulatina evolución das esquinas primitivas curvadas a formas en ángulo, co obxecto de lle dar ao encontro dos muros unha maior consistencia e trabazón.

1976. “El sobrado”, *Boletín Auriense (BA)*, VI, Ourense, pp. 305-316. Trece figuras con catorce debuxos.

Monografía na que se estuda a parte da casa-vivenda (aínda que tamén a hai noutras construcións como o combarrizo ou a palleira), chamado comunmente sobrado que, segundo a zona xeográfica, pode ser o andar primeiro destinado a dependencia da vivenda ou para utilizar para diversos usos, para diversificar ambas funcións ou o espazo que queda debaixo do tellado. Adquire varias denominacións: desván, canizo, quenzo, faiado, faio, rocho, trabuleiro, barra, sobrado, solaina, madureiro, sequeiro..., aínda que algunha delas non se aplica indistintamente senón que responden ao uso que se faga desa dependencia.

Analiza os seus antecedentes e as etapas evolutivas dende o seu nacemento. Considérase que pode proceder da barra das pallozas, pasando a ser o sobrado con orixes distintas, en función de que sexa consecuencia da construción da casa-vivenda térrea ou un engadido que se lle fixo deliberadamente para dotala dun servizo máis ou, por último, o primeiro andar producido polo seu desenvolvemento cara a arriba.

1977. “O combarrizo”, *Boletín del Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia*, 6. Santiago de Compostela, pp. 3-9. 21 debuxos.

Estudo detallado das funcións e dos diferentes modelos que se poden dar por Galicia adiante desta sinxela e inseparable construción adxectiva da casa-vivenda, o edificio nuclear da casa. Destinada fundamentalmente para gardar leña, o arado, a grade, etc., protexidos da chuva; segundo a zona onde se sitúa, a súa denominación varía, e de aí que ademais de combarrizo se lle chame alpendre (o nome máis usual), alboio, cabano, cuberto, chapitel, encastra, garaixe, pallota, paramia, pendello, sobeira, tanada, tendal...

1980. “Unha casa do Castromao (Celanova)”, *Boletín Auriense (BA)*, X, Ourense, pp. 203-210. Cinco imaxes gráficas (4 debuxos e 1 fotografía).

No ano 1960, xunto con Xesús Ferro Couselo, estiveron facendo exploracións na acrópole castrexa de Castromao (Celanova), deixando ao descuberto un conxunto de casoupas. Realiza polo miúdo o estudo dunha delas de planta circular, de 4,50 metros de diámetro e paredes cun grosor que vai dos 40 aos 60 cm. Analiza, ademais doutros aspectos, os construtivos dela así como os espazos e as dependencias que podía levar, deténdose nas cubertas, nos accesos dende o exterior e na moblaxe, conxecturando que o seu uso era de construción adxectiva para almacenar froitos.

1988. “A vivenda e a terra”, en *Alternativas estruturais e produccions agrícola-gandeiras. A gandeiría extensiva, a pataca, o viño*, celebradas en Ourense os días 24, 25, 26 de outubro de 1986, *Cuadernos da área de Ciencias Agrarias*, 8, Seminario de Estudos Galegos. A Coruña, pp. 6-9.

Nesta intervención de Xaquín Lorenzo, este resalta, unha vez máis, a importancia da casa labrega galega construída con recursos materiais próximos e baixo as condicionantes que a vida económica e a xeografía da zona lle defronta. Asemade alude ás diferentes construcións adxectivas que en cada zona se precisan para completar os ciclos produtivos: adegas e lagares en zonas de viño; carpinteiros de ribeira, secadeiros de peixe e de redes, no litoral; alvarizas, pendellos, forxas...

Remata cunha preocupación constante nel, que é a de como se pode adaptar a vella vivenda rural ás novas necesidades técnicas introducidas no campo, propugnando “a necesidade de conservar a personalidade de iste elemento da cultura popular, que nunca debe perder a súa orixinalidade e xeito propio de ser”.

1989. “As pontes na tradición popular galega”, en *A inxeñería histórica como patrimonio monumental: As Pontes, Actas do I Seminario*, Santiago de Compostela, do 8 ao 11 de outubro de 1985, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, pp. 101-103.

O relatorio de Xaquín Lorenzo sobre as pontes de fasquía popular –ademais de que trata o tema dende o eido da mitoloxía–, expón os diversos sistemas creados polo pobo da construción con bloques de pedra, co obxecto de vencer as correntes de auga: o pasal, o máis sinxelo de todos, para vadear correntes de pouca entidade; as poldras ou

espoldras, pedras prismáticas afincadas no leito, para cruzar regatos anchos ou pequenos ríos; e os pontillóns, parecidos ás poldras aínda que levan por riba das pedras prismáticas lousas tamén de pedra; e, por último, as pontes propiamente ditas, primeiro construídas con falso arco e logo con verdadeiros arcos en número de un a dous de pouco grandor.

1990. “Introducción ó estudio dos hórreos en Galicia”, *Actas del Primer Congreso Europeo del Hórreo*, Compostela, do 24 ao 26 de outubro de 1985, Editorial Compostela-El Correo Gallego. Santiago de Compostela, pp. 291-293.

Intervención na que considera o hórreo como o remate dun ciclo que comeza na lareira e finaliza coa colleita. Considera que a construción adxectiva máis numerosa significa o total da mantenza de todo o ano “polo que acada en Galicia un carácter sagro”. Por iso acentúa o seu rol na relixiosidade popular, comparando a cámara cun sagrario da igrexa, e dada esa razón e pola función material que vén cumprindo, pensa que diante do abandono en que está mergullado o hórreo ultimamente cómpre con urxencia darlle un novo uso, non só como curiosidade “senón tamén para que cumpra un rol dentro da vida do noso campo, como a cumprío deica hoxe”.

BIBLIOGRAFÍA

- P. COIRA.- (2004). No verán de 1940. Crónica da película *O carro e o home*. BIBLOS, Clube de Lectores, Mandaio-Cesuras (A Coruña).
- C. GARCÍA MARTÍNEZ.- (2003). “Xaquín Lorenzo e o patrimonio etnográfico de Galicia”. En *Patrimonio Etnográfico Galego. Actas do I Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego In Memoriam Xaquín Lorenzo Fernández Xocas*. Ed. Deputación Ourense.
- .- (2004). De varia etnográfica (Escolma, limiar e notas). Biblioteca Gallega, *La Voz de Galicia*, A Coruña.
- M^a.X. FERNÁNDEZ CERVIÑO e X.-C. SIERRA RODRÍGUEZ.- (2004). “A obra etnográfica de Xaquín Lorenzo”. *Xaquín Lorenzo Xocas*. Universidade de Santiago de Compostela.
- C. GONZÁLEZ PÉREZ.- (2003). *Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas (1907-1989)*. Ed. Toxosoutos, Noia.
- X.-M. GONZÁLEZ REBOREDO.- (1997). “A obra etnográfica de D. Xaquín Lorenzo Fernández”. En *Tecnoloxía tradicional: Dimensión patrimonial e valoración antropolóxica. Actas do Simposio internacional de Antropoloxía in memoriam Xaquín Lorenzo*. Ed. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- .- (2004). *Vida e obra de Xaquín Lorenzo*. Ed. Galaxia, Vigo.
- C. LISÓN TOLOSANA.- (1971). *Antropología cultural de Galicia*. Ed. Siglo XXI, Madrid.
- F.-S. LÓPEZ GÓMEZ.- (2004). *Xaquín Lorenzo Fernández (1907-1989). Unha vida para a cultura dum pobo*. Baía Edicións, A Coruña.
- X. LORENZO FERNÁNDEZ.- (1957). “Cuevillas etnógrafo”. En *Homaxe a Florentino L. A. Cuevillas*. Ed. Galaxia, Vigo.
- .- (1962). Etnografía. Cultura material. Vol. II da *Historia de Galiza*. Ed. Nós, Buenos Aires.
- .- (1981). “Limiar”. En *Arquitectura Popular en Galicia*, de Pedro de Llano. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), Santiago de Compostela.
- .- (1983). “Limiar”. En *As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia*. Edicións do Castro, O Castro-Sada.
- MUSEO DO POBO GALEGO.- (2003). *Xaquín Lorenzo Fernández, “Xocas”*. Museo do Pobo Galego, Unidades didácticas, Santiago de Compostela.
- A. RAPOPORT.- (1972). *Vivenda y Cultura*. Ed. Gustavo Gili, Barcelona.
- V. RISCO.- (1936). “Estudio etnográfico da Terra de Melide”. En *Terra de Melide*. Publicacións do S.E.G., Santiago de Compostela.

- X.-C. SIERRA RODRÍGUEZ.– (1999). “A obra de Xaquín Lorenzo Fernández, instrumento para a patrimonialización e musealización antropolóxica en Galicia”. En *Raigame*, 9. Deputación Provincial de Ourense.
- M. VALCÁRCEL LÓPEZ.– (2004). *Xaquín Lorenzo. Vida e obra*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- (Coordinación).– (2004). *Don Xaquín no fío de Nós (artigos e entrevistas)*. Colección Auria, núm. 9, Ourense.
- A. VÁZQUEZ-MONXARDÍN.– (1999). “Xaquín Lorenzo, 1979”. En *Raigame*, 9. Deputación Provincial de Ourense.
- e OUTROS.– (2004). *Xaquín Lorenzo, 1907-1989. Unha fotobiografía*. Edicións Xerais de Galicia, Consello da Cultura Galega e Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.